

Poesía galega nas loitas políticas do XIX

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

(2012 [1981]). “Poesía galega nas loitas políticas do XIX”. *Grial*: 71, 102-104. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1443>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

(1981). “Poesía galega nas loitas políticas do XIX”. *Grial*: 71, 102-104.

* Edición dispoñíbel desde o 8 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

POESÍA GALEGA NAS LOITAS POLÍTICAS DO XIX

No "Diario Constitucional de La Coruña" do día 23 de xaneiro de 1823 aparece un editorial titulado *Varietades* no que se fai referencia ao bon nome e á fama de Galicia de "constitucional, obediente a las leyes y pacífica", aducindo como proba o fracaso dos autores e promotores da Junta Apostólica ao percuraren prosélitos na nosa terra; pero estas referencias fainas para lamentar a necesidade de ter que dar publicidade a feitos que eclipsan ese bon nome. Tales feitos consisten en que un escribano da Puebla de Burón chamado Abuín, en colaboración co cura de Freixo, lograron arrastrar uns centos de mozos á insurrección contra o Goberno constitucional. O editorial exténdese en consideracións sobre a importancia e gravidade destes feitos e anuncia que terán o seu merecido castigo, recibindo un escarmento, semellante ao de Arbella, na provincia de Vigo. E logo, na páxina 4, aparece un longo chamamento aos mozos rebeldes para que regresen voluntariamente ás suas casas e pidan perdón, chamamento que está escrito en verso e na nosa lingua. Non se pode identificar o autor porque firma *Un Gallego* (I).

No número correspondente ao 6 de febreiro aparece abundante información sobre estes acontecementos. Dela despréndese que o 26 de xaneiro pola tarde a facción rebelde atacou con éxito ás milicias do Regimento de Santiago situadas na *Fuensagrada*, colléndolles prisioneiros e fusiles. De Lugo saíron tropas para bater aos facciosos e deron con eles na Fontaneira e na Lastra. Vencéronos sin dificultade, provocando a sua dispersión. As tropas proseguiron á *Fonsagrada* e logo houbo operacións por toda a zona montañosa para eliminar a presenza de rebeldes. En Cervantes rescataron 64 prisioneiros pertencentes ao Regimento de Santiago. Segundo o informe do xefe militar que partiu de Lugo, as xentes de Abuín e do cura de Freixo non eran demasiado perigosas: "Me prometo ver muy en breve esterminada del todo la gabilla de facciosos, que llegó a constar de 900 hombres, aunque muchos de ellos con calzado de madera, y sin otro armamento que chuzos y garrotes, y el resto con escopetas y los fusiles tomados al regimiento de Santiago en *Fuensagrada*".

Toda esta información optimista devolveulles a tranquilidade aos constitucionais galegos, e moi especialmente aos redactores do "Diario Constitucional de La Coruña", que a comentan con euforia, rematando así o seu comentario: "Pues que los compadres están buenos, ya que hoy es el día de las comadres pueden éstas cantar, bailar e *aínda máis*". E a continuación publican un poema en galego, sin firma, convidando ás comadres a que se divirtan (II).

Resulta interesante o feito de que esta prensa política utilice a nosa lingua cando pretende dirixirse directamente ao pobo. Así,

no poema —I— para lles facer un chamamento aos mozos aconsellándolles que abandonen a facción, e no poema —II— para animar ás comadres a que celebren a derrota dos facciosos e a volta da tranquilidade.

— I —

Alos insurreccionados de Buron

Acougade, Buroneses,
E volvede as vosas casas,
Se non queredes perder
Honra e vida na demanda.

¡Toleyrós! vedes que sodes
Solos, e que tras vos andan
Os valentes de Aragón
E moita xente bizarra!

Aprendede dos de Arbela,
E de outra tanta canalla,
Que os escribanos perderon
E a xente da roupa larga.

¡Tontos! non por voso ben
Nin por la relixión santa,
Os curas e os escribanos
Arman estas zarandainas.

E solo porque non poden
Coas leyses que oxe nos mandan
Roubarvos e comprar bés,
Facer vínculos e casas.

Recordade, que inda é tempo,
Non vos metades en chanzas,
Que os valentes e o bon viño,
Como dicen, logo acaban.

¿Qué a de darvos ese crego?
¿Qué caudillo é o que vos manda?
¿Un escribano? vergonza
E que axa quen tras del vaya.

Pode que teña valor,
Como tamén faramalla,
Pero ó fin é un escribano
Sin opinión e sin fama.

De esta xente solo salen
Enredos, preitos e trampas,
Foron a peste da terra
E os ladros da xente honrada.

¿Queredes saber por qué
Contra as leyses se levanta?
Porque antes a escribania
De Buron daba ganancias.

Una onza cada día
O gran ladrón, empetaba
Oxe non gana un ducado
Turnando na Fonsagrada.

¿E de quen eran os cartos
Que o gran ladrón embolsaba,
Sinón dos pobres veciños
De Buron?... É cousa crara.

¿Non vedes de esa maneyra
Que ese pícaro, si ladra
É solo para roubaros?
¡E inda o escuitades, panarras!

Rapaces: non seades tolos
Escarmentade, que á danza
A de darvos si seguides
Muy seriamente na cara.

Os poblos todos xa deron
A xente, que lles tocaba.
Vosotros sodes os solos
Que vos rebelades as craras.

¿E parécenos que queiran
Os fillos de xente honrada
Que se diga que en Galicia
Non se castigou a infamia?

¡Ay de vos! que mala sorte
Vos espera, si á canalla
Que vos manda nona atades
E entregades á quen manda.

Atade pois, ou matade
Aos traidores, e a ley santa
Proclamade, e presentavos
Pidindo perdón nas casas.

Un Gallego
Xaneiro de 1823

Apronten pois as comadres
O faldellín, e a sartén
Haxa pandeyro ferreñas,
E ande de ronda o pichel.

Alegrádevos, saltade,
E divertídevos ben,
Pois cos rucios de Buron.
Abuín acó non ven.

Nin rape ó deño acá veñen
Mais que pese o que os quixer,
Os nigromantes do norte,
Que hay que andar e que tecer.

Ruade pois, comadriñas,
E donairádevos ben,
Que os compadres están bós
E non quèr morrer ningún.

Xaneiro de 1823